



Santiago de Compostela acolle un Simposio Internacional sobre Medio Ambiente e Saúde no que participará o presidente de Sogama

jueves, 22 octubre 2015, 14:43, por Sociedad Galega Do Medio Ambiente Sa (SOGAMA)

22.10.2015

•Baixo a coordinación de Federico Mayor Zaragoza, Exdirector Xeral da Unesco, Presidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces e Presidente da Fundación Cultural de Paz, en Madrid; e Francisco Peña Castiñeira, Fundador do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2016, celebrarase os días 28 e 29 do presente mes de outubro.

•O principal obxectivo deste evento é dar a coñecer a situación actual do medio ambiente, así como o papel que administracións, empresas e cidadáns desempeñan na súa protección e mellora, abordando para isto algúns dos problemas ecolóxicos cualificados como prioritarios a día de hoxe e analizando a súa repercusión na saúde pública.

•Unha das tres mesas redondas contempladas no programa científico, e que se centrará nas cidades saudables e sostibles, estará moderada polo presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, poñendo de relevo o importante papel a desempeñar polo transporte ecolóxico, o aire limpo e a loita contra o cambio climático.

Cerceda, a 22 de outubro de 2015.- Baixo o título "Medio ambiente e saúde: novos retos de futuro", e o traballo de coordinación de figuras científicas tan relevantes como Federico Mayor Zaragoza, Exdirector Xeral da Unesco, Presidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces e Presidente da Fundación Cultura de Paz, en Madrid; e Francisco José Peña Castiñeira, Fundador do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2016 e Director de los Cursos de Saúde Ambiental, a cidade de Santiago de Compostela acollerá, o 28 e 29 do presente mes de outubro, un simposio internacional co obxectivo de dar a coñecer a situación actual do medio ambiente a nivel internacional e o papel que cumpren as administracións, así como as empresas e os cidadáns, de cara á súa protección e mellora, poñendo de relevo a necesidade de impulsar unha política eficaz de carácter preventivo e que dedique máis recursos a resolver os problemas ambientais.

Con este evento, preténdese abordar e debater algúns dos problemas ambientais cualificados como prioritarios a día de hoxe, analizando a súa repercusión na saúde pública.

Desta forma, a cita diríxese especialmente a todos os que estean interesados na temática, aspirando a converterse nun foro de debate plural e aberto sobre a situación ambiental a nivel global e as súas posibles solucións.

PROGRAMA CIENTÍFICO

Trala conferencia inaugural, que correrá a cargo do Presidente do Grupo Agbar/Viaqua, Julio Masid Bande, levarase a cabo unha mesa redonda que, presidida por Felipe Macías, Catedrático da USC, abordará a contribución da comunidade científica internacional á protección e conservación do patrimonio natural e á sostibilidade do planeta.

Así, Domingo Gómez Orea, Catedrático da Universidade Politécnica de Madrid; Francisco Díaz-Fierros, Catedrático emérito da USC; un representante da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, e Francisco Javier Sánchez Gutiérrez, Director do Parque Nacional de Sierra Nevada, en Granada, serán os encargados de falar de territorio, paisaxe, patrimonio natural de Galicia e experiencias para facer fronte aos desafíos das áreas protexidas no século XXI.

Acto seguido será o Presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, quen se encargará de dirixir unha segunda mesa redonda que se centrará nas cidades saudables e sostibles, poñendo de relevo o transporte ecolóxico, o aire limpo e a loita contra o cambio climático.

Para isto contarase coas achegas de Rosalía Fernández Patier, do Centro Nacional de Sanidade Ambiental (Instituto de Saúde Carlos III), quen falará da calidade do aire en España; Roberto González Philippon, Subdirector de Explotación de Activos Mineiros en Gas Natural Fenosa, que disertará sobre a minería sostible, deténdose en explicar a rehabilitación medioambiental da mina de Lignitos de Meirama; Francisco Silva Castaño, Delegado de Iberdrola en Galicia, que profundará no cambio climático, aludindo ao vehículo eléctrico e ás enerxías renovables; Eleuterio Martínez, Catedrático e científico da República Dominicana, que dirixirá a súa alocución cara a saúde ambiental e a calidade de vida nas cidades.

Pola súa banda, José Ignacio Elorrieta, experto en saúde e medio ambiente, orientará a súa intervención cara as



estratexias de actuación e novos retos na loita contra o cambio climático.

A xornada do 29 abrirase coa terceira mesa redonda “Saúde ambiental do planeta para todos: un dos grandes desafíos da humanidade para o século XXI”, que estará presidida por Ángel Gómez Amorín, Subdirector Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde, da Consellería de Sanidade.

Intervirán na mesma Luís Augusto Cassanha, Xerente da Área de Desenvolvemento Sostible e Saúde Ambiental da Oficina Rexional da OPS, en Washington, que se deterá en explicar a situación da saúde ambiental e o desenvolvemento sostible no continente americano; Rogério Paulo Da Silva, Presidente da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental, que fará o propio no caso do país veciño; e José Vicente Martí, Presidente Honorario da Sociedade Española de Sanidade Ambiental, que describirá a saúde ambiental da que goza España.

Na segunda parte do día, Francisco José Peña Castiñeira, falará da Encíclica do Papa Francisco sobre Medio Ambiente, asumindo María Neira, Directora do Departamento de Saúde Pública e Determinantes Sociais ee Saúde Pública e Determinantes Sociais e Mediaambientais da Organización Mundial da Saúde (OMS), a conferencia de peche.

As conclusións finais serán presentadas polos dous coordinadores do evento, Peña Castiñeira e Mayor Zaragoza.

Sáudos, Departamento de Comunicación